

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. OBXECTIVOS
3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA
- 4 TEMPORALIZACIÓN
5. METODOLOXÍA
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
7. AVALIACIÓN
 - 7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
 - 7.2 AVALIACIÓN INICIAL
 - 7.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS
10. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN
11. MEDIDAS A ADOPTAR NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL E REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
13. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A finalidade da Educación Primaria é proporcionarlles a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, así como desenvolver as habilidades sociais, os hábitos de traballo e estudo, unha actitude crítica ante a vida en sociedade, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade.

CEIP PLURILINGÜE CARDENAL QUIROGA PALACIOS

O centro público está situado en Rúa Villaldía no concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña. Trátase dunha zona urbana situada no barrio de Conxo de Santiago de Compostela.

Temos 3 liñas en primeiro de primaria:

GRUPO DE 1ºA: 21 alumnos/as, todo o alumnado cursa a materia de Valores Sociais e Cívicos.

GRUPO DE 1ºB: 21 alumnos/as, 5 alumnos/as cursan Relixión e 16 Valores Sociais e cívicos

GRUPO DE 1ºC: 21 alumnos/as, 6 alumnos/as cursan Relixión e 15 Valores Sociais e cívicos.

En canto ó marco legal que fundamenta esta programación destacamos:

-L.O.M.C.E. Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

-Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro polo que se establece o currículo básico da educación primaria

-DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo

básico da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

-Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos da etapa da educación primaria son os que aparecen recollidos no artigo 3 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os obxectivos de cada área para este curso son:

OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Escoitar mensaxes orais con atención e con actitude respectuosa.

Comprender as ideas esenciais das mensaxes.

Expresar oralmente os seus desexos, experiencias, sentimentos e opinións de forma clara e ordenada, comezando a utilizar un vocabulario adecuado.

Participar en situacións de comunicación oral respectando as normas básicas que regulan a interacción (quendas de palabra, respecto polas opinións alleas...).

Articular correctamente os sons do castelán segundo as normas básicas desta lingua.

Desenvolver a habilidade lectora: descodificación correcta, lectura mental, entoación e ritmos adecuados...

Recoñecer a información relevante de textos informativos sinxelos.

Recoñecer os elementos estruturais básicos de textos narrativos escritos (personaxes, accións, lugar, secuencia...).

Interpretar a linguaxe non verbal.

Redactar textos de estrutura e intención diversa (narracións, descricións, receitas, sinais...) seguindo un modelo dado.

Interesarse pola escritura como instrumento de expresión persoal, comunicación, aprendizaxe e planificación da propia actividade.

Escribir textos sinxelos e breves, empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.

Empregar a lingua para comunicarse cos demais.

Beneficiarse da lectura para a aprendizaxe no resto das áreas.

Utilizar os medios de comunicación impresa e audiovisual para escoitar, ler e obter informacións de interese.

Facer uso das tecnoloxías da información e da comunicación para obter, recoller e elaborar informacións sinxelas referidas a temas interesantes da vida cotiá.

Mostrar interese e curiosidade por textos literarios, tanto nos seus aspectos comprensivos como expresivos, e valorar a súa utilidade para outras aprendizaxes e como enriquecemento persoal.

Ler textos literarios sinxelos comprendendo o seu contido e significado.

Respectar os diversos usos da lingua.

Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.

Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas.

Manifestar actitudes de aprecio e respecto cara ás diferentes linguas,

valorando a lingua castelá como lingua común de todos os españois e as posibilidades de comunicación que iso supón.

Iniciarse na adquisición do hábito e o gusto pola lectura.

Utilizar a biblioteca de aula, do centro e municipal.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Escoitar mensaxes orais con atención e con actitude respectuosa.

Comprender as ideas esenciais das mensaxes.

Expresar oralmente os seus desexos, experiencias, sentimentos e opinións de forma clara e ordenada, comezando a utilizar un vocabulario axeitado.

Participar en situacións de comunicación oral respectando as normas básicas que regulan a interacción (quendas de palabra, fórmulas de tratamento sinxelas e axeitadas, respecto polas opinións alleas...).

Articular correctamente os sons do galego segundo as normas básicas desta lingua.

Desenvolver a habilidade lectora: descodificación correcta, lectura mental, entoación e ritmos axeitados...

Recoñecer a información relevante de textos informativos sinxelos.

Recoñecer os elementos estruturais básicos de textos narrativos escritos (personaxes, accións, lugar, secuencia...).

Interpretar a linguaxe non verbal.

Redactar textos de estrutura e intención diversa (narracións, descricións, anuncios, diarios persoais...) seguindo estratexias ou pautas dadas que lles permitan identificar o tipo de texto.

Interesarse pola escritura como instrumento de expresión persoal,

comunicación, aprendizaxe e planificación da propia actividade.

Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.

Empregar a lingua galega para comunicarse cos demais.

Utilizar a terminoloxía lingüística e gramatical de forma básica para a produción de textos e coñecer as normas ortográficas máis sinxelas.

Comparar aspectos básicos das linguas que coñece, especialmente galego e castelán para mellorar na aprendizaxe e evitar as interferencias que se poden dar entre as dúas linguas.

Beneficiarse da lectura para a aprendizaxe no resto das áreas.

Utilizar os medios de comunicación impresa e audiovisual para escoitar, ler e obter informacións de interese.

Facer uso das tecnoloxías da información e a comunicación para obter, recoller e elaborar informacións sinxelas referidas a temas interesantes da vida cotiá.

Mostrar interese e curiosidade por textos literarios, tanto nos seus aspectos comprensivos como expresivos, e valorar a utilidade para outras aprendizaxes e o enriquecemento persoal.

Ler textos literarios sinxelos comprendendo o contido e significado.

Respectar os diversos usos, orais e escritos, da lingua galega.

Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.

Utilizar a lingua para destacar os valores da cultura galega e doutras culturas.

Manifestar actitudes de aprecio e respecto cara ás diferentes linguas valorando a lingua galega como lingua propia de Galicia e as posibilidades de comunicación que ela nos proporciona.

Iniciarse no hábito e o gusto pola lectura e amosar autonomía lectora e certa capacidade para seleccionar textos do seu interese.

Utilizar a biblioteca de aula, de centro e municipal e interesarse por iniciar unha biblioteca persoal.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS

Comprender o enunciado dos problemas identificando a situación problemática e os datos necesarios para a resolución.

Usar diversas estratexias de resolución de problemas aplicando as operacións coñecidas e comprobando as solucións.

Reflexionar sobre os problemas propostos expondo variacións, dúbidas e aplicacións.

Aplicar coñecementos e habilidades matemáticas noutros contextos e na vida cotiá. Manexar habilidades de comunicación en distintos contextos no ámbito da materia. Recoñecer bloqueos na materia e desenvolver estratexias persoais para vencelos. Discernir sobre o uso de ferramentas tecnolóxicas de cálculo para a mellora da aprendizaxe na área.

Desenvolver estratexias e habilidades de traballo individual e en equipo.

Identificar e escribir os números naturais de 0 a 99.

Comprender o concepto de número natural e a súa aplicación nun contexto real. Coñecer e aplicar algoritmos para a realización de operacións con números de 0 a 99 en sumas e restas.

Entender o concepto de medida e aplicalo na selección e uso de instrumentos e magnitudes nun contexto real.

Describir, mediante conceptos sinxelos, aspectos, sobre lonxitude, peso, capacidade.

Utilizar moedas e billetes para o pago de cantidades pequenas en contextos reais. Distinguir e utilizar medidas de tempo de uso cotián con corrección.

Introducir na súa linguaxe habitual, conceptos sobre relacións espaciais básicas: esquerda- dereita, diante-detrás, arriba-abaixo...

Recoñecer figuras xeométricas básicas en contextos reais.

Iniciar procesos de interpretación de datos.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Iniciarse no uso da busca de información, rexistro e presentación sobre asuntos sinxelos do contorno próximo previamente delimitados.

Fomentar a creatividade e o espírito emprendedor para levar a cabo iniciativas innovadoras.

Coñecer os elementos principais do medio natural desde o máis próximo ao máis afastado.

Identificar o tempo atmosférico a través de sensacións corporais (frío, calor...).

Coñecer e identificar os fenómenos cotiáns como o día e a noite.

Favorecer actitudes positivas fronte aos problemas ambientais próximos ao seu contexto.

Identificar os beneficios da auga como elemento indispensable para o ser humano e para todos os seres vivos.

Coñecer e identificar os elementos naturais e os elementos que construíron os seres humanos próximos ao seu contorno próximo.

Coñecer como se organiza o seu ámbito máis próximo (barrio, municipio...).

Ser consciente da súa pertenza certos grupos sociais (familia, colexio e outros grupos de iguais) con características e trazos propios.

Identificar feitos relevantes da vida familiar ou do ámbito máis próximo.

Identificar as características doutros grupos sociais e mostrar respecto por eles.

Ordenar cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utilizar para iso as unidades de tempo básicas: día, mes e datas significativas.

Coñecer e identificar as unidades de tempo básicas.

Utilizar o calendario e situar os meses, os días ou as datas significativas.

Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e observar as manifestacións máis palpables destes cambios.

Participar en actividades grupais, respectando as normas establecidas, a quenda de palabra, poñendo atención nas intervencións, achegando ideas e tendo consideración polas decisións e os acordos tomados.

Identificar diferentes elementos viais que debe recoñecer un peón en situacións cotiás.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos científicos.

Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos sinxelos.

Coñecer e valorar a importante achega da ciencia e da investigación para mellorar a calidade de vida e benestar dos seres humanos.

Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano, respectando as diferenzas.

Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento dos aspectos básicos do seu corpo.

Mostrar unha actitude de aceptación e respecto cara ás diferenzas individuais

(idade e sexo).

Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.

Participar en actividades grupais respectando as normas e regras de convivencia (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados) e realizando as tarefas asignadas dunha forma responsable.

Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, valorándoa criticamente e adoptando un comportamento na vida cotiá de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico.

Participar na conservación e mellora do medio: manter limpo o seu ámbito espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar os animais e as plantas.

Identificar os principais elementos do medio natural analizando a súa organización, as súas características e interaccións, e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.

Identificar os elementos principais do medio natural, partindo do próximo ao afastado.

Iniciarse na observación guiada dos elementos principais do medio natural.

Iniciarse na recollida de datos do medio natural.

Valorar positivamente a realización de tarefas e gozar coa súa execución coidadosa.

Manifestar a súa capacidade de observación e de uso de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos e para diferenciar os seres vivos dos inertes, recoñecendo as súas funcións básicas e superando os preconceptos polos que identifica o ser vivo co que se move.

Planificar e realizar proxectos, dispositivos e aparatos sinxelos coa finalidade

de coñecer as características e funcións dalgunhas máquinas, utilizando o coñecemento das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.

Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos, valorando a súa contribución á mellora das condicións de vida.

Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos no medio.

Recoñecer a finalidade do uso de aparatos e máquinas próximos a súa experiencia e valorar os aspectos positivos destes recursos tecnolóxicos.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES CÍVICOS E SOCIAIS:

Desenvolver un autoconceito positivo que permita a percepción e a expresión axustada das emocións, os seus signos físicos e os sentimentos propios e alleos.

Recoñecer as características físicas e as calidades persoais, para favorecer a aceptación persoal positiva.

Tomar conciencia da importancia de mellorar a capacidade de autocontrol emocional para desenvolver maior tolerancia á frustración e favorecer o crecemento persoal e a interacción social.

Analizar condutas cotiás que permitan a adquisición e a autorregulación de hábitos saudables de autocoidado que fortalezan a autonomía.

Realizar tarefas dirixidas ao incremento da adquisición de aptitudes e actitudes responsables en diversos contextos da vida cotiá mostrando motivación e entusiasmo.

Coñecer os dereitos e os deberes das persoas, a través da Declaración dos Dereitos do Neno, analizando os seus dereitos con relación ao xogo, á vivenda e á alimentación.

Participar en actividades que permitan a expresión e a comunicación de sentimentos e emocións a través de elementos da linguaxe corporal.

Desenvolver a capacidade de diálogo traballando habilidades de comunicación tales como a escoita activa, o respecto da quenda de palabra e a expresión clara das ideas.

Desenvolver a empatía para identificar as emocións e as calidades dos outros, apreciar a riqueza das diferenzas e comprender as súas accións.

Realizar traballos cooperativos que permitan satisfacer as necesidades persoais e do grupo nun ambiente de compañeirismo e de axuda mutua.

Valorar a participación en dinámicas recreativas de grupo como medio para gozar dos compañeiros e dos amigos e mellorar as habilidades sociais.

Coñecer e respectar normas básicas de convivencia no ámbito familiar e escolar.

Analizar condutas cotiás que favorecen as normas de convivencia no contexto escolar.

Indicar experiencias positivas e negativas da vida cotiá que permitan analizar conflitos escolares habituais e as súas posibles solucións.

Xerar situacións que promovan o manexo responsable dos materiais persoais e escolares.

Tomar conciencia das actitudes que incitan á deterioración ou ao respecto e á conservación do medio.

Coñecer as normas básicas de educación vial distinguindo os sinais de tráfico máis comúns que han de respectar os peóns para velar pola súa seguridade e a do resto das persoas.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

CIENCIAS DA NATUREZA		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B1.1.	▪ CNB1.1.1.	▪ CAA , CCL CMCCT CSIEE CCEC CD
	▪ CNB1.1.2..	▪ CAA CMCCT CSIEE
▪ B1.2.	▪ CNB1.2.1.	▪ CAA CMCCT CSC CSIEE
▪ B2.1.	▪ CNB2.1.1	▪ CMCCT CSC
	▪ CNB2.1.2.	▪ CMCCT CSC
	▪ CNB2.1.3.	▪ CMCCT CCL CSC
▪ B2.2.	▪ CNB2.2.1.	▪ CMCCT CSC
	▪ CNB2.2.2.	▪ CMCT CSC
▪ B2.3.	▪ CNB2.3.1	▪ CMCCT CSIEE
▪ B3.1.	▪ CNB3.1.1..	▪ CMCCT CCL
	▪ CNB3.1.2.	▪ CMCCT CCL
	▪ CNB3.1.3..	▪ CMCCT
▪ B3.2.	▪ CNB3.2.1.	▪ CMCCT CCL CAA CSIEE CD
▪ B4.1.	▪ CNB4.1.1.	▪ CMCCT CSC CSIEE
	▪ CNB4.1.2.	▪ CMCCT CSC
▪ B4.2.	▪ CNB4.2.1.	▪ CMCCT
▪ B5.1	▪ CNB5.1.1.	▪ CMCCT CSC CCL
	▪ CNB5.1.2.	▪ CMCCT CSC CSIEE
▪ B5.2..	▪ CNB5.2.1.	▪ CMCCT CD CCL

CIENCIAS DA NATUREZA		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	▪ CNB5.2.2.	▪ CMCCT CD

MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA.

Coñece obxectos relacionados co aseo.

Valora a necesidade do descanso.

Coñece actividades relacionadas co tempo libre.

Valora positivamente comportamentos axeitados realizados en actividades grupais.

Coñece as partes do corpo: cabeza, tronco e extremidades.

Nomea as principais partes da cara.

Coñece os sentidos e os seus órganos.

Identifica diferentes formas, cores e tamaños.

Recoñece os grupos de alimentos.

Coñece algunha forma de conservación de alimentos.

Diferenza entre ser vivo e inerte.

Coñece as principais funcións vitais dos seres vivos.

Identifica diferenzas entre animais e plantas.

Diferenza entre animais vertebrados e invertebrados.

Diferenza entre animais domésticos e salvaxes.

Conta as pezas dunha imaxe dun crebacabezas.

Recoñece as necesidades das plantas para vivir.

Diferenza entre árbore, arbusto e herba.

Identifica a partes comestibles dunha planta.

Valora a necesidade de respectar e coidar os animais.

Coñece animais en perigo de extinción.

Nomea pautas para o coidado das plantas.

Respecta ideas diferentes ás súas en actividades grupais.

Valora a importancia da reciclaxe.

Identifica os colectores de reciclaxe e os materiais que se introducen en eles.

Valora formas de aforro enerxético.

Coñece o significado dalgunhas máquinas sinxelas e das ferramentas.

Relaciona algunhas máquinas con traballos e profesións.

Identifica os principais compoñentes dun ordenador.

CIENCIAS SOCIAIS		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B1.1.	▪ CSB1.1.1	▪ CAA CCL CD CMCCT
	▪ CSB1.1.2.	▪ CSIEE CAA CSC
▪ B1.2.	▪ CSB1.2.1.	▪ CSC CAA
▪ B1.3.	▪ CSB1.3.1.	▪ CAA
▪ B1.4.	▪ CSB1.4.1	▪ CCL CMCCT CSC

CIENCIAS SOCIAIS		PRIMEIRO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
▪ B2.1.	▪ CSB2.1.1	▪ CMCCT	CD CAA
	▪ CSB2.1.2	▪ CMCCT	CCL
▪ B2.2..	▪ CSB2.2.1.	▪ CMCCT	CCL
▪ B2.3..	▪ CSB2.3.1.	▪ CMCCT	CSC CCL
▪ B2.4.	▪ CSB2.4.1..	▪ CMCCT	CD CCL
▪ B2.5.	▪ CSB2.5.1.	▪ CMCCT	CAA
▪ B2.6.	▪ CSB2.6.1.	▪ CMCCT	CCL
▪ B2.7.	▪ CSB2.7.1.	▪ CMCCT	CAA
▪ B2.8.	▪ CSB2.8.1.	▪ CMCCT	CAA
▪ B2.9.	▪ CSB2.9.1.	▪ CSC	CMCCT
▪ B3.1.	▪ CSB3.1.1.	▪ CMCCT	CSC CAA
▪ B3.2.	▪ CSB3.2.1	▪ CMCCT	CSC CCL
▪ B3.3.	▪ CSB3.3.1.	▪ CSC	
▪ B3.4.	▪ CSB3.4.1.	▪ CMCCT	CAA
	▪ CSB3.4.2.	▪ CCL	CCEC
▪ B3.5.	▪ CSB3.5.1.	▪ CCL	CMCCT
▪ B3.6..	▪ CSB3.6.1.	▪ CMCCT	CAA
▪ B3.7..	▪ CSB3.7.1.	▪ CSC	CAA
▪ B3.8.	▪ CSB3.8.1.	▪ CCEC	CSC CCL
▪ B4.1.	▪ CSB4.1.1.	▪ CSC	CAA CCL
▪ B4.2	▪ CSB4.2.1.	▪ CSC	CAA CCL

CIENCIAS SOCIAIS		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B4.3.	▪ CSB4.3.1.	▪ CMCCT CCL

MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA.

Realiza traballos de investigación observando, experimentando e facendo uso das TIC.

Realiza traballos de xeito autónomo tomando decisión e amosando iniciativa.

Realiza actividades de xeito individual e grupal.

Identifica a terminoloxía propia da área.

Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.

Describe os elementos básicos da súa contorna.

Describe as características principais do aire e da auga.

Valora a auga e o aire. Reflexiona sobre a súa importancia.

Coñece e nomea os fenómenos atmosféricos.

Realiza observacións sinxelas recollendo datos sobre o tempo.

Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.

Identifica mañá, tarde e noite co movemento da terra.

Diferenza entre elementos naturais e elementos producidos pola man das persoas.

Identifica medidas para a conservación da natureza.

Identifica relacións de parentesco.

Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.

Identifica e representa as partes da cara cos seus nomes.

Identifica diferentes tipos de vivendas.

Explica diferenzas entre cidade, vila e aldea.

Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.

Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa

Coñece diferentes festas relacionadas coas estacións.

Localiza e identifica acontecementos importantes da súa vida nunha liña de tempo.

Realiza unha árbore xenealóxica da familia.

Recoñece o paso do tempo diferenciando: día, semana, mes, ano.

LINGUA GALEGA		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B1.1.	▪ LGB1.1.1.	▪ CCL CAA
▪ B1.2.	▪ LGB1.2.1.	▪ CCL CD CAA CSC
▪ B1.3.	▪ LGB1.3.1.	▪ CCL CAA CSC CSEIEE
	▪ LGB1.3.2	▪ CCL CAA
	▪ LGB1.3.3..	▪ CCL CSIEE CAA
	▪ LGB1.3.4.	▪ CCL CSIEE CAA

LINGUA GALEGA		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B1.4.	▪ LGB1.4.1.	▪ CCL CSC
	▪ LGB1.4.2..	▪ CCL CSC
▪ B1.5.	▪ LGB1.5.1..	▪ CCL CSC CAA
	▪ LGB1.5.2..	▪ CCL CSC CCEC
	▪ LG1.5.3.	▪ CCL CSC CCEC
	▪ LGB1.5.4.	▪ CCL CSC CCEC
	▪ LGB1.5.5.	▪ CCL CSC CCEC
	▪ LGB1.5.6..	▪ CCL CSC CCEC CAA
▪ B1.6.	▪ LGB1.6.1.	▪ CCL CAA
▪ B1.7.	▪ LGB1.7.1	▪ CCL CAA CSIEE
▪ B1.8.	▪ LGB1.8.1.	▪ CCL CAA CCEC CSIEE
▪ B1.9.	▪ LGB1.9.1.	▪ CCL CSC
	▪ LGB1.9.2.	▪ CCL CSC
▪ B1.10.	▪ LGB1.10.1	▪ CCL CCEC
	▪ LGB1.10.2.	▪ CCL CCEC CSC
▪ B2.1.	▪ LGB2.1.1.	▪ CCL CD CSC
	▪ LGB2.1.2.	▪ CCL
	▪ LGB2.1.3.	▪ CCL CAA CSIEE
▪ B2.2.	▪ LGB2.2.1.	▪ CCL CAA CSC CSIEE CMCT

LINGUA GALEGA		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B2.3.	▪ LGB2.3.1.	▪ CCL CAA
	▪ LGB2.3.2. L	▪ CCL
▪ B2.4.	▪ LGB2.4.1	▪ CCL CAA CSC
	▪ LGB2.4.2.	▪ CCL CAA CSC
▪ B2.5.	▪ LGB2.5.1.	▪ CCL CAA CSC
▪ B2.6.	▪ LGB2.6.1.	▪ CCL CAA CSC CCEC
▪ B2.7.	▪ LGB2.7.1..	▪ CCL
	▪ LGB2.7.2	▪ CCL CSC CAA CSIEE
▪ B3.1.	▪ LGB3.1.1.	▪ CCL CSIEE CAA
	▪ LGB3.1.2.	▪ CCL CAA CSIEE
	▪ LGB3.1.3.	▪ CCL
	▪ LGB3.1.4.	▪ CCL CSC CCEC
	▪ LGB3.1.5.	▪ CCL CAA CSIEE
	▪ LGB3.1.6. C	▪ CCL CAA CSIEE
▪ B3.2.	▪ LGB3.2.1	▪ CCL CAA
▪ B3.3.	▪ LGB3.3.1.	▪ CCL CSC CCEC CAA CSIEE
▪ B3.4.	▪ LGB3.4.1.	▪ CCL CD CAA CSIEE

LINGUA GALEGA		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B3.5	▪ LGB3.5.1.	▪ CCL CD CSIEE
▪ B3.6.	▪ LGB3.6.1	▪ CCL CD CAA
	▪ LGB3.6.2.	▪ CCL CSC
▪ B4.1.	▪ LGB4.1.1.	▪ CCL CAA
	▪ LGB4.1.2.	▪ CCL CAA
	▪ LGB4.1.3.	▪ CCL CAA
	▪ LGB4.1.4..	▪ CCL CAA
▪ B4.2.	▪ LGB4.2.1.	▪ CCL CSC CCEC
▪ B4.3.	▪ LGB4.3.1.	▪ CCL CAA
	▪ LGB4.3.2.	▪ CCL CAA
▪ B4.4.	▪ LGB4.4.1.	▪ CCL CAA
▪ B5.1.	▪ LGB5.1.1	▪ CCL CAA CCEC
	▪ LGB5.1.2.	▪ CCL CCEC
▪ B5.2..	▪ LGB5.2.1.	▪ CCL CCEC CD
	▪ LGB5.2.2.	▪ CCL CCEC CD
▪ B5.3.	▪ LGB5.3.1.	▪ CCL CCEC CSC
▪ B5.4.	▪ LGB5.4.1.	▪ CCL CSC CCEC
▪ B5.5.	▪ LGB5.5.1.	▪ CCLCCEC

MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA.

Comprende textos orais sinxelos.

Identifica expresións con diferentes contextos.

Participa en situacións comunicativas con coherencia e respectando as normas convencionais establecidas.

Comprende textos orais relativos ao traballo da aula.

Exprésase oralmente en grupo.

Escoita e respecta as intervencións dos demais, participando en función da quenda de palabra.

Respecta a quenda de palabra.

Emprega a lingua galega nas situacións comunicativas da aula.

Participa nos intercambios comunicativos facendo interferencias.

Emprega expresións de cortesía: Ola, adeus, grazas, noraboa...

Extrae e comprende a información principal de textos sinxelos, atendendo á diferente tipoloxía e temática.

Extrae información das ilustracións que acompañan aos textos.

Le frases e textos sinxelos con fluidez.

Emprega a biblioteca de aula seguindo as normas establecidas a través dun consenso.

Emprega a lectura como fonte de lecer.

Selecciona os textos de lectura atendendo a gustos e preferencias.

Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.

Emprega as maiúsculas e o punto nas producións escritas.

Emprega de xeito guiado estratexias para a elaboración de textos escritos.

Elabora textos acompañados de ilustración, para reforzar a información exposta por escrito.

Presenta os seus textos escritos de acordo a normas de presentación: limpeza, calidade caligráfica...

Recoñece sílaba e palabra.

Separa palabras en sílabas.

Identifica os nomes propios e utiliza a maiúscula nos mesmos.

Coñece as normas xerais ortográficas e valora a importancia de empregalas.

Le en voz alta e en silencio, gozando da lectura, empregando entoación e pronunciación adecuada, para facer gozar da lectura aos que nos escoitan.

Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural, facéndoo a través da lectura.

LINGUA CASTELÁ		PRIMEIRO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
▪ B1.1.	▪ LCB1.1.1..	▪ CCL	CAA CSC
	▪ LCB1.1.2.	▪ CCL	CAA CSC
▪ B1.2..	▪ LCB1.2.1.	▪ CCL	CSC
▪ B1.3.	▪ LCB1.3.1	▪ CCL	CD CAA CSC CSIEE
▪ B1.4.	▪ LCB1.4.1.	▪ CCL	
▪ B1.5.	▪ LCB1.5.1.	▪ CCL	CAA

LINGUA CASTELÁ		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B1.6.	▪ LCB1.6.1	▪ CCE CAA
▪ B1.7.	▪ LCB1.7.1.	▪ CCL CAA CCEC
▪ B1.8.	▪ LCB1.8.1.	▪ CCL
▪ B1.9.	▪ LCB1.9.1.	▪ CCL CSIEE
	▪ LCB1.9.2.	▪ CCL
	▪ LCB1.9.3.	▪ CCL
▪ B1.10.	▪ LCB1.10.1.	▪ CCL CSC
▪ B1.11.	▪ LCB1.11.1.	▪ CCL CAA CSC CSIEE
▪ B2.1.	▪ LCB2.1.1.	▪ CCL
▪ B2.2.	▪ LCB2.2.1	▪ CCL CAA
▪ B2.3.	▪ LCB2.3.1.	▪ CCL CAA
▪ B2.4	▪ LCB2.4.1	▪ CCL
	▪ LCB2.4.2	▪ CCL
▪ B2.5.	▪ LCB2.5.1.	▪ CCL CD CAA
▪ B2.6.	▪ LCB2.6.1.	▪ CCL CSC
▪ B3.1.	▪ LCB3.1.1.	▪ CCL
	▪ LCB3.1.2	▪ CCL
▪ B3.2.	▪ LCB3.2.1.	▪ CCL
▪ B3.3.	▪ LCB3.3.1.	▪ CCL CD CAA
	▪ LCB3.3.2.	▪ CCL CAA

LINGUA CASTELÁ		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B4.1.	▪ LCB4.1.1.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.2.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.3.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.4.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.5.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.6.	▪ CCL
	▪ LCB4.1.7.	▪ CCL
▪ B4.2.	▪ LCB4.2.1.	▪ CCL
	▪ LCB4.2.2.	▪ CCL
	▪ LCB4.2.3.	▪ CCL
	▪ LCB4.2.4.	▪ CCL
▪ B4.3.	▪ LCB4.3.1.	▪ CCL
▪ B4.4.	▪ LCB4.4.1	▪ CCL
▪ B4.5.	▪ LCB4.5.1.	▪ CCL CD CAA
▪ B4.6.	▪ LCB4.6.1.	▪ CCL CSC
▪ B5.1.	▪ LCB5.1.1.	▪ CCL CCEC
	▪ LCB5.1.2.	▪ CCL CAA CCEC CSC
▪ B5.2.	▪ LCB5.2.1.	▪ CCL CCEC
	▪ LCB5.2.2	▪ CCL CAA
▪ B5.3.	▪ LCB5.3.1	▪ CCL CAA

LINGUA CASTELÁ		PRIMEIRO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
▪ B5.4.	▪ LCB5.4.1..	▪ CCL CAA CCEC	
▪ B5.5.	▪ LCB5.5.1.	▪ CCL CSC CCEC	
▪ B4.3..	▪ LCB4.3.4.	▪ CCEC CMCCT CSC	
	▪ LCB4.3.5.	▪ CSC CCEC CAA	
	▪ LCB4.3.6.	▪ CSC CCEC CAA	
▪ B4.4.	▪ LCB4.4.1.	▪ CSC CCEC CAA	
	▪ CB4.4.2.	▪ CSC CCEC CAA	
▪ B4.5.	▪ LCB4.5.1.	▪ CSC CCEC CAA	
	▪ LCB4.5.2.	▪ CSC CCEC CAA	

MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA.

Expresa vivencias e emocións de xeito coherente.

Escoita e respecta a quenda de palabra.

Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.

Combina a comunicación verbal e non verbal

Participa activamente nas situacións comunicativas que se producen na aula.

Utiliza o vocabulario traballado.

Comprende textos orais.

Recita contos e poemas. Utiliza unha entoación adecuada. Conta situacións vividas.

Describe: persoas, animais e obxectos.

Utiliza expresións de referencia temporal.

Le frases e textos sinxelos con fluidez.

Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.

Amosa gusto polo proceso lector e indica as súas preferencias lectoras.

Amosa unha actitude positiva cos materiais da biblioteca de aula.

Coñece os fonemas e a súa representación gráfica.

Identifica diferentes tipos de textos.

Representa graficamente o contido dun texto.

Elabora textos sinxelos.

Identifica sílaba e palabra.

Recoñece nomes e adxectivos

Realiza composicións sintacticamente correctas.

Realiza concordancia de xénero e número.

Emprega o pasado, presente e futuro; axeitadamente.

Indica sinónimos e antónimos de palabras traballadas.

Realiza comparacións entre dous termos.

Emprega aumentativo e diminutivo.

Utiliza correctamente as maiúsculas e o punto.

Forma oracións sinxelas.

Compara palabras en galego e castelán para expoñer diferenzas.

Achégase a diferentes textos da literatura infantil.

Fai pequenas dramatizacións.

Realiza unha escoita activa dos texto literarios traballados.

Utiliza a biblioteca de aula para ter un momento de lecer.

Reproduce textos da literatura infantil.

Valora a literatura.

MATEMÁTICAS		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ B1.1.	▪ MTB1.1.1.	▪ CMCT CCL
▪ B1.2.	▪ MTB1.2.1.	▪ CMCT CAA
▪ B1.3..	▪ MTB1.3.1.	▪ CMCT CD CAA
▪ B2.1	▪ MTB2.1.1.	▪ CMCT CCL
	▪ MTB2.1.2	▪ CMCT CCL
▪ B2.2.	▪ MTB2.2.1	▪ CMCT
	▪ MTB2.2.2.	▪ CMCT CCL CAA
	▪ MTB2.2.3.	▪ CMCT
	▪ MTB2.2.4.	▪ CMCT
▪ B2.3.	▪ MTB2.3.1.	▪ CMCT
	▪ MTB2.3.2..	▪ CMCT
	▪ MTB2.3.3	▪ CMCT
▪ B2.4.	▪ MTB2.4.1.	▪ CMCT CAA

MATEMÁTICAS		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	▪ MTB2.4.2	▪ CMCT CAA CSIEE
▪ B3.1.	▪ MTB3.1.1	▪ CMCT
▪ B3.2.	▪ MTB3.2.1.	▪ CMCT
▪ B3.3.	▪ MTB3.3.1.	▪ CMCT
▪ B3.4.	▪ MTB3.4.1.	▪ CMCT
	▪ MTB3.4.2.	▪ CMCT
	▪ MTB3.4.3.	▪ CMCT
▪ B3.5..	▪ MTB3.5.1.	▪ CMCT CAA
▪ B3.6	▪ MTB3.6.1	▪ CMCT CAA
	▪ MTB3.6.2.	▪ CMCT CAA CSIEE
▪ B4.1.	▪ MTB4.1.1.	▪ CMCT CAA CCL
	▪ MTB4.1.2.	▪ CMCT CAA CCL
▪ B4.2.	▪ MTB4.2.1.	▪ CMCT CAA
▪ B4.3.	▪ MTB4.3.1.	▪ CMCT CAA
	▪ MTB4.3.2	▪ CMCT CAA CSIEE
▪ B5.1.	▪ MTB5.1.1.	▪ CMCT CAA
	▪ MTB5.1.2.	▪ CMCT CAA

MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA.

Indica a forma na que se resolve un problema.

Amosa unha actitude de interese por facer un bo traballo.

Iníciase no emprego de medios tecnolóxicos de xeito guiado.

Le, escribe e ordena números ata o 99.

Coñece unidades e decenas e as coloca correctamente

Utiliza os números ordinais en contextos reais.

Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.

Descompón e compón números atendendo as unidades e decenas.

Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.

Realiza operación de suma na resolución de problemas.

Realiza operación de resta na resolución de problemas.

Realiza operacións de cálculo mental cunha certa fluidez.

Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

Iníciase na resolución de problemas aplicando un procedemento: datos, operacións, solución indicando unidades.

Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.

Realiza comparacións que impliquen peso e capacidade de diferentes obxectos.

Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións (minuto, hora, día, semana e ano)

Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.

Resolve problemas nos que se implica traballar co tempo e coas medidas.

Emprega conceptos espaciais (esquerda- dereita, diante- detrás,..) para indicar a posición das persoas e obxectos, observando a posición en referencia a un mesmo ou a outros puntos .

Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.

Identifica e resolve problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS		PRIMEIRO	
Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
▪ B1.1.	▪ VSCB1.1.1	▪	CSC
	▪ VSCB1.1.2.	▪	CSC CCL
	▪ VSCB1.1.3.	▪	CSC CCL
▪ B1.2.	▪ VSCB1.2.1.	▪	CSC CSIEE
	▪ VSCB1.2.2.	▪	CSC CCL
	▪ VSCB1.2.3.	▪	CCL CCEC
▪ B1.3..	▪ VSCB1.3.1.	▪	CSC CSIEE
	▪ VSCB1.3.2	▪	CSC CSIEE
	▪ VSCB1. 3.3.	▪	CSC CSIEE
▪ B1.4.	▪ VSCB1.4.1.	▪	CSIEE
	▪ VSCB1.4.2	▪	CSC CSIEE CAA
▪ B2.1.	▪ VSCB2.1.1.	▪	CCL CSC
	▪ VSCB2.1.2.	▪	CCL CSC CSIEE

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS		PRIMEIRO
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	▪ VSCB2.1.3.	▪ CCL CSC CSIEE
▪ B2.2..	▪ VSCB2.2.1.	▪ CCL CSC CSIEE
	▪ VSCB2.2.2.	▪ CCL CSC CSIEE
	▪ VSCB2.2.3.	▪ CCL CSC
▪ B2.3.	▪ VSCB2.3.1.	▪ CSC CCL
	▪ VSCB2.3.2.	▪ CCL CSC
	▪ VSCB2.3.3.	▪ CCL CSC CSIEE
	▪ VSCB2.3.4.	▪ CSC CCEC
▪ B2.4.	▪ VSCB2.4.1.	▪ CSC CCEC
	▪ VSCB2.4.2.	▪ CCL CSC
▪ B3.1..	▪ VSCB3.1.1.	▪ CSC CNIEE
	▪ VSCB3.1.2..	▪ CSC CNIEE
	▪ VSCB3.1.3.	▪ CSC
	▪ VSCB3.1.4.	▪ CSC CNIEE
▪ B3.2.	▪ VSCB3.2.1.	▪ CAA CSIEE CSC
▪ B3.3..	▪ VSCB3.3.1.	▪ CSC
	▪ VSCB3.3.2.	▪ CSC CSIEE
	▪ VSCB3.3.3.	▪ CSC

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS		PRIMEIRO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
▪ B3.4.	▪ VSCB3.4.1.	▪	CSC
	▪ VSCB3.4.2.	▪	CSC
▪ B3.5.	▪ VSCB3.5.1	▪	CSC CSIEE
	▪ VSCB3.5.2.	▪	CSC CAA
	▪ VSCB3.5.3.	▪	CSC CCL

MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA.

Crea e expresa unha imaxe positiva de si mesmo, valorándose positivamente.

Identifica, describe e dramatiza emocións e estados de ánimo propios e das persoas que o/a rodean.

Iniciase no control da propia conduta, é quen de autorregular o enfado ou a frustración cando non acada os obxectivos.

Toma conciencia das responsabilidades e actúa en consecuencia.

Relaciona lingua verbal e xestual para transmitir unha mensaxe.

Expresa algunhas características físicas das persoas.

Expresa emocións de personaxes relevantes de películas, fotografías e pinturas.

Colabora prestando axuda ós compañeiros/as.

Expresa solucións pacíficas a conflitos habituais da vida escolar.

Nomea as principais normas de aula.

Valora a importancia do coidado do material escolar.

Coñece normas relacionadas coa educación viaria.

Identifica algúns sinais básicos de tráfico.

4. TEMPORALIZACIÓN

	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ
1º TRIM	UD1. ¡Ya estamos en primaria! UD2. Números alrededor UD3. Un rincón matemático UD4. Juegos para pensar	UD1. Unha clase nova UD2. En equipo UD3. Tempo de castañas UD4. Chega o nadal	UD1. Nos conocemos UD2. Y a ti, ¿qué te gusta? UD3. ¡Mueve ficha! UD4. ¡Todo el mundo a escena!
2º TRIM	UD5. Adivina, adivinanza UD6. Matemáticas de cuento UD7. Me conozco UD8. Una historia de números	UD5. Gotas e máis gotas UD6. Contando contos UD7. As nosas árbores UD8. Animalíños	UD5. En un país muy lejano UD6. Érase una vez UD7. ¡En forma! UD8. ¡No te lo pierdas!
3º TRIM	UD9. Aprendo cantando UD10. ¡Qué bien me lo paso!	UD9. Cousas de antes UD10. Maíño, maio UD11. Unha viaxe no	UD9. Historias curiosas UD10. Recuerdos UD11. Grandes ingenios

	UD11. Una máquina matemática UD12. Relojes del mundo	tempo UD12. Chegan as vacacións	UD12. ¡Así funciona!
--	---	------------------------------------	----------------------

	CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS SOCIAIS
1º TRIM	UD1. Coñecémonos. O noso corpo UD2. Viva a vida saudable	UD1. Preto de min UD2. Vexo, vexo
2º TRIM	UD3. Observamos os seres vivos UD4. A natureza	UD3. O lugar onde vivo UD4. Bonita paisaxe
3º TRIM	UD5. Con materiais e con enerxía! UD6. Qué máquina	UD5. Mirando ao ceo UD6. Un paseo polo tempo

5. METODOLOXÍA

A metodoloxía é un dos elementos prescriptivos do currículo e os métodos de ensino- aprendizaxe na E.P. supoñen o camiño, a forma, os recursos e as diferentes accións na procura da consecución eficaz e

económica dos obxectivos propostos. A elección dun método ou doutro debe estar relacionada con multitude de aspectos: competencias clave, obxectivos, estándares de aprendizaxe, avaliación, características do alumnado, actividades... de forma que todos estes elementos sexan coherentes entre si, buscando e aplicando a lóxica interna da materia.

No relativo aos principios metodolóxicos básicos e aos estilos de ensino empregados, dicir que a práctica educativa debe: alentar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles, dotar aos contidos dun enfoque integrador e globalizado, centrarse na funcionalidade orientando as aprendizaxes, procurar que o/a alumno/a aprenda a aprender, favorecer o traballo cooperativo e a práctica vivencial e fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información, buscando a autonomía do alumnado.

Os principios, estratexias metodolóxicas e fórmulas organizativas propostas na Reforma Educativa que se seguirán son: partir dos coñecementos previos do/a alumno/a, aprendizaxe significativa, aprender a aprender e traballo en equipo. A aprendizaxe é un proceso interactivo que ten como características: o desenvolvemento en espiral e a globalización, unha metodoloxía activa e integradora, a construción de aprendizaxes significativas, a autorregulación das aprendizaxes, modelos de E-A que atendan á diversidade, a aprendizaxe como proceso interactivo que promova a participación activa e dinámica, a reorganización dos coñecementos por parte do alumnado e a funcionalidade.

Atendendo á lexislación vixente, esta programación segue unha metodoloxía flexible, individualizada, lúdica, activa, participativa e integradora.

As actividades que levaremos a cabo son:

- Actividades de introdución ou de motivación (coñecementos previos).
- Actividades de desenvolvemento.
- Actividades de consolidación.
- Actividades de avaliación.
- Actividades de reforzo e ampliación.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os medios didácticos e os libros de texto son os seguintes:

Lengua Castellana: PIEZA A PIEZA. ANAYA

Matemáticas. PIEZA A PIEZA. ANAYA

Lingua Galega. PEZA A PEZA. ANAYA.

Ciencias Sociais: PEZA A PEZA. ANAYA.

Ciencias da Natureza: PEZA A PEZA. ANAYA

Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.

Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.

Outros materiais: contos, páxinas web, material interactivo, materiais creados pola titora....

7. AVALIACIÓN

Enténdese por avaliación aquela actividade "sistemática e continuada, integrada dentro do proceso educativo, que ten por obxecto proporcionar o máximo de información para mellorar este proceso, reaxustando obxectivos, revisando criticamente plans e programas, métodos e recursos, facilitando a máxima axuda e orientación ao alumnado". Esta información, como sinala a normativa vixente, será referida ao alumnado, ao propio docente e ao proceso de E-A.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar ao noso alumnado seguiremos o establecido na Orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación na E.P. na Comunidade Autónoma de Galicia. A avaliación será continua, global, formativa e integradora, terá en conta o progreso do/a alumno/a no conxunto de tódalas áreas do currículo.

Instrumentos que empregaremos:

- Rexistros de observación
- Fichas/probas de avaliación individual
- Rúbricas

7.2 AVALIACIÓN INICIAL

Para a elaboración da avaliación inicial realizaremos na primeira quincena de curso probas escritas e orais a cada un dos alumnos/as, ademais de observar o seu comportamento.

Respostaremos as seguintes preguntas e a partir das respostas adoptaranse as medidas oportunas.

- Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade,...)
- Que fortalezas ten o grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?
- Que necesidades se atopan e como se van abordar? (Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas.)
- Que fortalezas ten o grupo en canto a aspectos competenciais?
- Cales son os alumnos/as que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (*Ter en conta os alumnos/as con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...*).
- Que medidas organizativas imos adoptar? (*Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención*

individual).

- Que medidas curriculares imos adoptar? Que recursos imos empregar?
- Que modelo de seguimento imos utilizar con cada un deles?
- Cada canto e como imos avaliar os seus progresos?

7.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Na avaliación serán tidos en conta tódolos elementos que compoñen o currículo, e os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das Competencias Claves. Establecen o tipo e grao de aprendizaxe que se acadou ou se desexa acadar. Así tamén se establecen uns criterios mínimos esixibles.

0 - 4 = INSUFICIENTE 5 = SUFICIENTE 6 = BEN 7 - 8 = NOTABLE
9 - 10 = SOBRESALIENTE

Entenderase como avaliación positiva toda aquela que sexa 5 ou superior. Os criterios de avaliación do alumnado nesta Programación de Aula son os que veñen reflectidos neste documento para cada unha das áreas. Atendendo ao recollido no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria:

- “O alumno/a accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias claves”

“O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.”

A toma de decisión aterase aos seguintes criterios:

**OS ALUMNOS/AS PROMOCIONAN POR IMPERATIVO LEGAL
AÍNDA QUE NON ACADE OS OBXECTIVOS MÍNIMOS**

Para a obtención da media aritmética terase en conta a seguinte porcentaxe.

Rexistros de aula: 80%

Enténdese como rexistros de aula:

- os traballos realizados no libro/caderno/fichas do alumno/a, traballos individuais e en grupo
- o respecto ás normas de aula e aos compañeiros/as
- a actitude do alumno/a cara a actividade dentro da aula.
- a participación, o interese e curiosidade polas actividades realizadas

Probas escritas/Probas orais: 20%

Realizaranse probas escritas e orais ao longo do trimestre de carácter individual para poder coñecer o grado de consecución dos obxectivos.

No caso de que por algunha razón derivada da pandemia actual, teñamos que traballar desde a casa, valorarase o traballo e a participación do alumnado do cal teñamos constancia.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade do alumnado regúlase polo Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Segundo se detecte algún tipo de necesidade ou sexan demandadas polo alumnado empregaranse medidas de reforzo e ampliación.

Seguirase o procedemento de derivación ao departamento de orientación que ten establecido o centro, para que se realicen as valoracións psicopedagóxicas necesarias para que o alumnado sexa atendido polas mestras de audición e linguaxe e de pedagogía terapéutica.

Xa que a nosa programación é flexible e aberta ante posibles incidencias que poidan xurdir ao longo do curso estaremos atentos a todo o que suceda na nosa aula para establecer as medidas e os recursos necesarios.

GRUPO DE 1ºA: Contamos con 5 alumnos/as en seguimento polo departamento de orientación, ademáis acaba de incorporarse unha alumna que

non estivo escolarizada en Educación Infantil que amosa dificultades de comprensión da lingua e de contidos propios do ciclo de E.I.

GRUPO DE 1ºB: Contamos cunha alumna en seguimento polo departamento de orientación

GRUPO DE 1ºC: Contamos con dous alumnos/as en seguimento polo departamento de orientación.

Unha vez valorados recibiran os apoios necesarios en función das dificultades atopadas.

9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Dada a importancia dos elementos transversais presentes no currículo consideramos imprescindible traballalos en cada unha das materias de primaria.

Potenciaremos unha educación baseada:

- na igualdade de trato e non discriminación entre nenos/as, evitando comportamentos sexistas e non esteriotipados.
- respectando os dereitos humanos
- aceptando as diferenzas
- rexeitando a violencia
- previndo e resolvendo de xeito pacífico os conflitos que podan xurdir.

Tamén promoveremos hábitos e condutas saudables.

10. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Dado que o alumnado procede dunha etapa non obrigatoria, despois da avaliación inicial e da valoración do Departamento de Orientación determinaremos as necesidades de reforzo ou apoio necesarias así como o xeito de levalo a cabo.

Co alumnado que presenta problemas emocionais por mor da crise sanitaria sería bo realizar un programa de educación emocional (tomando por referencia o Programa de Educación Emocional de Bisquerra).

11. MEDIDAS A ADOPTAR NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL

Dada a situación de pandemia mundial que estamos a vivir e ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, os centros elaborarán un “Plan de Continxencia” no que se establecerán as medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva, para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

No suposto de ensino non presencial, adoitaremos as medidas establecidas no apartado 29 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19:

- A través da aula virtual do centro, determinaremos as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.
- A organización dos recursos educativos de apoio do centro garantizará unha axeitada atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, favorecendo o seu acceso ao currículo tendo especial coidado na atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Estableceremos un procedemento de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos (abalar móbil, correo electrónico, aula virtual). Este procedemento determinará e concretará claramente os obxectivos ou finalidades da comunicación, as persoas responsables así como a súa temporalización.

Así mesmo, intentaremos fortalecer aspectos afectivos e sociais intentando que o curso sexa o máis relaxado posible, pese ás fortes medidas que se aplican (mascaras, desinfeccións continuas, distancias de seguranza, etc) e que obstaculizan enormemente o proceso de ensino- aprendizaxe.

O desenvolvemento do curso estará suxeito á evolución da pandemia.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades neste curso, como: Magosto, Samaín, Entroido, estarán sempre suxeitas ao problema pandémico que nos afecta, polo que as celebracións faranse a nivel de aula. Así como as actividades para conmemorar os días de obrigada celebración: Día da paz, día da muller traballadora; sempre tendo en conta a Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022.

13. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			

Estratexias metodolóxicas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portafolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			